



Xestión de Persoal

EXPEDIENTE.- 2024/E001/000021

PROCEDIMIENTO.- Convocatoria de selección de personal

Asunto: EMENDA ÁS BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO "OBRADOIRO ARTEIXO SOCIAL 2024-2025"

Na Casa do Concello de Arteixo, o Sr. Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretario Xeral, D. José María Vázquez Pita, dita a presente

RESOLUCIÓN

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Novo Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Empregado Público de Galicia e,

Detectado erro no contido da Resolución núm. 2858/2024 de data 22/10/2024, no referente ao ANEXO I: "BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A",

Considerando o artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que posibilita rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais dos seus actos. Por todo o exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Emendar a Resolución núm. 2858/2024 de data 22/10/2024, no referente ao ANEXO I: "BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A", **debendo figurar:**

"REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Psicoloxía, Maxisterio, Pedagogía, Psicopedagogía, Terapia Ocupacional, Traballo Social, Educación Social, Enfermería, Medicina, Fisioterapia. "

no canto de:

"REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Psicoloxía, Maxisterio, Terapia Ocupacional, Traballo Social, Educación Social, Enfermería, Medicina, Fisioterapia."



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal para que procedan segundo os trámites oportunos.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)